

ACTIVIDADES PARA 6º A DE LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA E MATEMÁTICAS.

SEMANA DO 30 DE MARZO AO 5 DE ABRIL.

Estamos na 3ª semana de alerta e non podemos saír, pero pensade que é pola saúde de todos.

QUEDADE NA CASA E LEMBRARDE QUE TEMOS QUE COLABORAR.

APROVEITA ESTE TEMPO PARA MELLORAR, É O TEU TRABALLO (EU AXÚDOTE).

Esta semana, no foro de lingua castelá quero que sigades expresando o voso sentir ante esta situación e compartades o que vos consideredes, nos contedes algo das vosas rutinas, dalgunha película que vistes, dos exercicios físicos que facedes, como vos sentides... Esta será a vosa primeira tarefa (non vos esquezades de coidar a ortografía, empregar os signos de puntuación precisos e separar a información en parágrafos).

Invítovos a que debuxes un ovo de Pascua (nun papel o máis grande que teñades) e o decoredes como máis vos guste, con todo o material que teñades na casa (pinturas, pasta, lentellas, botóns, cordeis, papeis de cores... Sacádelle unha foto e enviádea ao foro de galego (tema: Ovo de Pascua). Decora a túa ventá, demóstralle aos teus veciños/as a túa creatividade e alébralles o día.

Xa falei con todos vós por teléfono, abalar móbil, whatsapp e a plataforma, polo que respecta ás actividades que debedes realizar en tódalas áreas e, en concreto, das que vos imparto eu. Lémbrovos que as tarefas desta semana están a continuación das da semana pasada na plataforma E-Dixgal, nun bloque novo que se titula: "*Tarefas para a semana do 30 de marzo ao 5 de abril*".

Moitos de vós aínda non vos presentastes no foro da primeira semana e non enviastes as actividades. Debedes rematar as tarefas das semanas pasadas (ampliarei os prazos de presentación) para pasar despois ás que propoño para esta. É MOI IMPORTANTE SEGUIR UNHA LIÑA DE TRABALLO, polo que non realicedes as actividades desta semana se non rematastes as das anteriores.

Tedes os foros de cada semana para preguntar as dúbidas e lembrade os meus correos por si queredes poñervos en contacto comigo ou enviar algunhas das actividades (por exemplo o vídeo da semana pasada sobre os adverbios): m.mar.lorenzo.nunez@edu.xunta.es e marribeira@gmail.com.

Ademais, quero lembravos que na plataforma E-Dixgal tamén poderdes enviar mensaxes entre os membros da clase (incluída eu). Aparece na parte superior.

Non quero deixar de recordarvos que sigades :

- Colaborando na casa; non só coas tarefas, tamén facendo a convivencia máis agradable e evitando conflitos. Aproveitar para ordenar, realizar unha receita de cociña (coa axuda dos maiores), axudar aos vosos irmáns/irmás máis pequenos nas tarefas ou léndolle un conto e xogar con eles/elas...
- Que é importante que realicedes exercicio físico tódolos días e vos distraíades facendo algunha manualidade (compartide os enlaces no foro de lingua castelá e enviade fotografías das vosas producións).

XA FALTA MENOS PARA ESTAR TODOS XUNTOS.

BÓTOVOS MOITO DE MENOS.